

Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista

Resumo de resultados 13/06/2025

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	1
Número de pensionistas e importe medio por sexo e grupo de idade. Galicia	2
Número de pensionistas e importe medio. Galicia e provincias	4
Importe medio por concellos	5
Altas e baixas anuais de pensionistas con prestacións por xubilación	7
Definicións, fontes e máis información	9

Principais resultados

- No ano 2024, en Galicia hai 682.886 persoas que perciben pensións contributivas da Seguridade Social, das cales o 50,8 % son mulleres.
- No período 2011-2024 o número de pensionistas en Galicia medrou un 7,6 %.
- O importe medio das pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia no ano 2024 situouse nos 1.236,5 euros, un 5,8 % superior ao do ano 2023.

1. Introdución

O IGE realiza dende o ano 2011 unha explotación do ficheiro de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social xestionadas polo *Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS)* e polo *Instituto Social de la Marina (ISM)*. A devandita explotación é froito do convenio de colaboración entre os ditos organismos e o IGE (BOE, núm. 55, do 5 de marzo de 2022).

Os datos que se presentan neste apartado son relativos ao colectivo de titulares de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social xestionadas polo INSS e polo ISM, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia:

- titulares, con residencia en Galicia, de pensións xestionadas polas direccións provinciais da Comunidade Autónoma
- titulares, con residencia en Galicia, de pensións xestionadas por outras direccións provinciais

Non se inclúen, polo tanto, aquelas persoas que teñen un sistema de previsión social distinto á Seguridade Social, como por exemplo, os funcionarios de clases pasivas.

Inclúense todas as clases de prestacións: xubilación, incapacidade, xubilación procedente de incapacidade, viuvez, orfandade e a favor de familiares.

O criterio xeográfico empregado para a clasificación dos datos é o concello de residencia do titular da pensión, que se obtén mediante o cruce do ficheiro de Pensións Contributivas da Seguridade Social co Padrón municipal continuo do *Instituto Nacional de Estadística (INE)*.

A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano.

2. Número de pensionistas e importe medio por sexo e grupo de idade. Galicia

No ano 2024, en Galicia 335.858 homes e 347.028 mulleres perciben pensións contributivas da Seguridade Social.

O 81,8 % das persoas que perciben pensións contributivas teñen 65 ou máis anos. O grupo de idade máis frecuente é o de 65 a 74 anos, tanto no caso dos homes (127.338 persoas) como no das mulleres (111.940 persoas).

O importe medio calcúlase como a media da suma dos importes percibidos en pensións contributivas da Seguridade Social por cada pensionista. En Galicia, no ano 2024 este importe situouse en 1.402,71 euros, no caso dos homes, e 1.075,64 euros no caso das mulleres.

Ao comparar o importe medio segundo o sexo e a idade do pensionista pode observarse que os homes teñen importes medios superiores ás mulleres en todos os grupos de idade. Ademais, os importes maiores, tanto para homes como para mulleres, atópanse nos grupos de idade de 55 a 64 anos, de 65 a 74 anos e de 75 a 84 anos. Nestes grupos de idade, o importe medio dos homes é un 35,4 %, un 26,9 % e un 35,9 % superior ao das mulleres, respectivamente.

Número de pensionistas e importe medio por pensionista, segundo o sexo e grupo de idade. Galicia. Ano 2024.


Unidade: persoas, €

Idade	Número			Importe		
	Ambos Sexos	Homes	Mulleres	Ambos Sexos	Homes	Mulleres
Total	682.886	335.858	347.028	1.236,50	1.402,71	1.075,64
0-44	20.497	11.443	9.054	631,72	669,49	584,00
45-54	29.385	16.098	13.287	936,53	975,48	889,34
55-64	74.546	41.461	33.085	1.196,93	1.354,12	999,93
65-74	239.278	127.338	111.940	1.433,27	1.591,15	1.253,67
75-84	204.046	98.848	105.198	1.237,03	1.431,92	1.053,91
85 e máis	115.134	40.670	74.464	1.036,49	1.166,68	965,38

Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))


Número de pensionistas, segundo o sexo e grupo de idade. Galicia. Ano 2024.

Unidade: persoas



Importe medio por pensionista, segundo o sexo e grupo de idade. Galicia. Ano 2024.

Unidade: €



Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

No ano 2024 en Galicia, polo menos o 50 % dos/as pensionistas (341.443 persoas) percibiron un importe medio igual ou superior aos 967,36 euros; o 10 % percibiron non máis de 603,10 euros.

Po sexo a distribución do importe medio dos homes presenta unha maior dispersión e a diferenza entre o importe medio percibido polo homes e o percibido polas mulleres acrecéntase nos importes medios máis elevados. Así, o 25 % dos homes perciben un importe medio superior aos 1.800 euros, mentres que no colectivo das mulleres só acadan esta cantidade algo máis do 10 % das pensionistas.


Percentís dos importes por pensionista, segundo o sexo. Galicia. Ano 2024.

Unidade: persoas, €

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Percentil 10	603,10	609,60	585,89
Percentil 25	783,30	825,20	783,30
Percentil 50	967,36	1.149,30	849,70
Percentil 75	1.513,54	1.805,34	1.219,50
Percentil 90	2.397,97	2.805,69	1.905,99

Percentís dos importes por pensionista, segundo o se: Galicia. Ano 2024.

Unidade: €



Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))


3. Número de pensionistas e importe medio. Galicia e provincias

En Galicia, no ano 2024, o 40,0 % destes pensionistas residía na provincia da Coruña; o 32,4 % na provincia de Pontevedra, e o 27,6 % restante distribúese de forma homoxénea entre Lugo e Ourense. A distribución do número de pensionistas está relacionada coa poboación de cada provincia, xa que, no ano 2024, o 41,7 % da poboación de Galicia residía na provincia da Coruña; o 35,0 % na provincia de Pontevedra; o 12,0 % na provincia de Lugo, e o restante 11,3 % na provincia de Ourense.

O importe medio por persoa en pensións contributivas da Seguridade Social nas provincias da Coruña e Pontevedra é superior ao importe medio de Galicia (1.236,50 euros) e en ambas as dúas provincias supera os 1.275 euros. O importe medio acada o valor máis baixo na provincia de Ourense, onde se sitúa nos 1.096,59 euros.


Distribución por provincias do número de pensionistas en Galicia. Ano 2024.

Unidade: Porcentaxe (%)



Importe medio por pensionista. Galicia e provincias. Ano 2024.

Unidade: €



Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

Dende o comezo desta operación estatística, no ano 2011, ata o ano 2024, o número de pensionistas en Galicia incrementouse un 7,6 %. A provincia na que máis medrou o número de pensionistas foi Pontevedra, na que o incremento é do 13,7 % no período, mentres que nas provincias de Lugo e Ourense diminúe lixeiramente (un 4,0 % e un 0,2 %, respectivamente).


Pola súa banda, o importe medio da pensión en Galicia aumentou en 451,04 euros, un 57,4 % entre os anos 2011 e 2024. Este importe medio incrementouse en todas as provincias; as provincias nas que máis se incrementou foron Lugo e A Coruña (un 58,3 % e un 57,1 %) mentres que nas provincias de Ourense e Pontevedra o incremento foi menor (un 56,7 % e un 56,2 %, respectivamente).

Número de pensionistas e importe medio por pensionista. Galicia e provincias. Anos 2011 e 2024.

Unidade: persoas, €

Espazo	2011		2024	
	Número	Importe	Número	Importe
Galicia	634.686	785,46	682.886	1.236,50
• A Coruña	247.467	813,30	273.238	1.277,64
• Lugo	99.943	733,05	95.947	1.160,37
• Ourense	92.882	699,62	92.685	1.096,59
• Pontevedra	194.394	817,96	221.016	1.277,38

Importe medio por pensionista.
Galicia e provincias. Anos 2011 e 2024.
Unidade: €



Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

4. Importe medio por concellos

No 60 % dos concellos galegos o importe medio por persoa en pensións contributivas da Seguridade Social non supera os 1.083,86 euros e só en 51 concellos galegos se superan os 1.236,5 euros.

O 20 % dos concellos co importe máis elevado correspóndese principalmente coas zonas dos sete grandes concellos, xunto coa Mariña Lucense, a zona de Valdeorras, As Pontes de García Rodríguez, Bueu, na zona do Barbanza e Baiona.

Concellos con importe medio por pensionista máis alto. Ano 2024.

Unidade: persoas, €

Concello	Número	Importe medio	Mediana do importe
Pontes de García Rodríguez, As	2.762	1.842,48	1.596,76
Fene	3.468	1.595,65	1.351,59
Cervo	1.401	1.591,45	1.309,12
Ferrol	15.291	1.542,88	1.257,82
Coruña, A	54.543	1.489,52	1.228,21
Ares	1.531	1.488,88	1.154,85
Mugardos	1.404	1.462,91	1.206,95
Oleiros	7.509	1.460,27	1.157,40
Vigo	66.069	1.459,05	1.202,08
Bueu	2.965	1.457,62	1.187,96

Concellos con importe medio por pensionista máis baixo. Ano 2024.


Unidade: persoas, €

Concello	Número	Importe medio	Mediana do importe
Avión	636	754,50	815,01
Baltar	365	821,80	783,30
Santa Comba	2.984	825,70	805,20
Padrenda	572	845,27	825,20
Vimianzo	2.257	848,53	825,20
Tordoia	1.262	851,77	817,47
Mazaricos	1.494	851,86	825,20
Calvos de Randín	330	851,92	801,69
Irixo, O	635	854,18	825,20
Ramirás	565	856,82	825,20

Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

Importe medio por pensionista. Concellos. Ano 2024.

Unidade: €



Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

Nos sete concellos con máis de 50.000 habitantes (grandes concellos), o importe medio é superior ao de Galicia. Ferrol, A Coruña, e Vigo son os concellos con maior importe medio, onde este supera os 1.459 euros. Pola contra, Ourense, cun importe medio de 1.280,13 euros, é o que presenta un valor máis baixo.

A mediana do importe representa o valor central da distribución dos importes, é dicir, o valor por debaixo do cal se atopan a metade das persoas. Así, no concello de Ferrol polo menos o 50 % dos/as pensionistas percibe un importe medio igual ou superior a 1.257,82 euros, mentres que no concello de Ourense o valor da mediana non acada os 996 euros.

Número de pensionistas, importe medio por pensionista e mediana do importe.

Galicia e sete grandes concellos. Ano 2024.


Unidade: persoas, €

Espazo	Número	Importe medio	Mediana do importe
Galicia	682.886	1.236,50	967,36
• A Coruña	54.543	1.489,52	1.228,21
• Ferrol	15.291	1.542,88	1.257,82
• Santiago	20.327	1.444,82	1.150,00
• Lugo	21.674	1.332,34	1.036,01
• Ourense	26.142	1.280,13	995,38
• Pontevedra	16.294	1.408,52	1.115,86
• Vigo	66.069	1.459,05	1.202,08

Importe medio por pensionista.

Galicia e sete grandes concellos. Ano 2024.

Unidade: €




Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

5. Altas e baixas anuais de pensionistas con prestacións por xubilación


A variación neta acumulada, dende 2014 ata 2024, obtida por diferenzas entre altas e baixas anuais de pensionistas residentes perceptores de prestacións por xubilación, foi de 26.470 pensionistas. En Galicia o número de pensionistas aumentou de forma constante coa única excepción dun notable decrecemento de 1.481 pensionistas en 2020, pola pandemia do COVID.

Porén, o comportamento por provincias, e diferenciando segundo o sexo, foi desigual. Mentres que A Coruña e Pontevedra absorben o crecemento que se produce en Galicia, Lugo e Ourense experimentan un paulatino decrecemento, máis acentuado no caso de Lugo, onde as pensionistas mulleres descenden en máis de tres mil persoas no período. É significativo ver o distinto comportamento entre homes e mulleres a nivel provincial: mentres os pensionistas homes acadan, no ano 2024, o seu máximo crecemento na provincia de Pontevedra (7.850 pensionistas), as pensionistas mulleres experimentano na provincia da Coruña (13.170 pensionistas).

**Variación neta acumulada dos pensionistas dende 2014
HOMES xubilados**



**Variación neta acumulada dos pensionistas dende 2014
MULLERES xubiladas**




Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))


O importe medio que recibe cada pensionista ao mes foi subindo entre 2014 e 2024. Cada ano, os novos pensionistas que entran cobran, de media, máis ca os que saen.

Tamén se foi reducindo a diferenza entre o que cobran os homes e as mulleres que comezan a cobrar unha pensión. Por exemplo, os homes que se xubiláron en 2014 recibían unha media de 1.175,2 euros, e en 2024 pasan a recibir 1.557,9 euros, un aumento do 32,6 %. No caso das mulleres, a suba foi maior: de 807,6 euros en 2014 a 1.237,0 euros en 2024, o que supón un aumento do 53,2 %.

Importe medio mensual por alta
Unidade: Euros



Importe medio mensual por baixa
Unidade: Euros



Fonte: IGE. Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista ([descarga da táboa](#))

6. Definicións, fontes e máis información

Definicións

Pensións contributivas da Seguridade Social Son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social (acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos, ...), sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate. As clases de pensións son:

- incapacidade permanente
- xubilación
- morte e supervivencia

Descarga de datos

- [Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo e o grupo de idade](#) (Galicia e provincias)
- [Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo e o grupo de idade](#) (Información a nivel comarcal)
- [Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo](#) (Información a nivel municipal)
- [Número de pensionistas e importe medio segundo o grupo de idade](#) (Información a nivel municipal)
- [Percentís do importe medio segundo o sexo](#) (Galicia e provincias)
- [Número e importe mensual medio das altas e baixas de pensionistas con prestacións por xubilación, por sexo e grupo de idade](#) (Galicia e provincias)

Fontes de información

IGE. Pensións contributivas da Seguridade Social INSS, ISM. Rexistro de Prestacións Sociais Públicas